



CRIPTOMERIA DO XAPÓN

Cryptomeria japonica

SABÍAS QUE...? O pole de sugi (e de hinoki) é unha importante causa de rinites alérxica en Xapón.

É un xénero de conífera pertencente á familia das Taxodiáceas. Está formado por unha soa especie, a Criptomera xaponesa ou Sugi. A especie é orixinaria do centro e sur de Xapón, onde está distribuída entre os 100 e os 1.800 m de altitude. É especie forestal importante en China, onde foi introducida fai moitos séculos, e tamén en Taiwan, onde comezou a cultivarse durante a dominación xaponesa.

Nome común: Criptomera, Cedro del Japón, Sugi, Cedro Japones (cast.); Criptomera do Xapón (gall.); Japanese cedar, Japanese redwood (ing.).

Etimoloxía:

- Cryptomeria: do grego krypto = escondido e meris = parte, aludindo a que todas as partes da flor están escondidas
- japonica : do latín japonicus-a-um = procedente de Xapón

Descrición da especie: Árbore sempre verde, monoica, con tronco erecto, de ata ao redor de 40 m de altura e 2 m de diámetro na base, con cortiza fibrosa, de pardo avermellada a gris escura, que tende a desfacerse en longas bandas lonxitudinais. A copa é densa, cónica-columnar, con ramas principais case verticiladas, máis ou menos horizontais, e ramas laterais xeralmente péndulas. Presenta follas espiraladas, tipo agulla; conos de semente globular, con preto de 20–40 escamas. É superficialmente similar á sequoia xigante (*Sequoiadendron giganteum*) diferenciándose polas follas máis longas (menos de 0,5 cm na sequoia xigante) e de conos máis pequenos (4–6 cm na sequoia xigante), e de máis dura cortiza (delgada, suave, esponxosa).

